

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



PROGRAMACIÓN EDLG

IES DO MILLADOIRO

2024-2025

ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN.....	4
O Milladoiro e o seu IES.....	4
Como traballa o EDLG.....	6
2- CONTEXTUALIZACIÓN: Breve estudo sociolingüístico do centro.....	7
2.1.- Datos do profesorado.....	8
2.2.- Datos do alumnado.....	9
Usos.....	9
Competencias.....	10
Actitudes.....	11
3- OBXECTIVOS.....	12
3.1.-OBXECTIVOS XERAIS.....	12
3.2.-OBXECTIVOS A NIVEL DE CENTRO.....	13
3.3.-OBXECTIVOS A ACADAR CO ALUMNADO.....	14
3.4.-OBXECTIVOS DE CARA AO PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE.....	14
3.5.-OBXECTIVOS DE CARA ÁS FAMILIAS.....	15
4- ACTIVIDADES.....	16
4.0 INTRODUCCIÓN.....	16
4.1.ACTIVIDADES PERMANENTES TODO O CURSO.....	18
4.1.1.- MillaFalaDoiro: A RADIO DO EDLG.....	18
4.1.2. CONTACTO PERMANENTE DO EDLG COA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	20
4.1.3.-MÚSICA PARA A NORMALIZACIÓN.....	22
4.1.4.- REDES SOCIAIS.....	23
4.1.5.- AULA VIRTUAL PARA APOIO E IMPULSO AO PROFESORADO.....	25
4.1.6.- MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA: SOMOS DIFERENTES, SOMOS REFERENTES.....	26
4.1.7.- CIENCIA EN GALEGO.....	27
4.1.8.- PROXECTO “AO SON DA PAISAXE”.....	28
4.1.9.- MILLA FALA DOIRO: O BLOG DO EDLG.....	29
4.1.10- CLUB DE DEBATE (PARA NÓS E PARA VÓS).....	30
4.1.11- ENREGUÉIFATE e Improvisación oral en verso no Milladoiro.....	31
4.1.12.- Asistencia a obras de teatro, exposicións, cinema, concertos.....	32
4.2.ACTIVIDADES NO 1º TRIMESTRE.....	33
4.2.1.- TIK-TOK: Certame de Galetiktokers.....	33
4.2.3.-CONCURSO YOUTUBEIR@S.....	33

4.2.4.- CIENCIA EN GALEGO. Mes da ciencia en galego.....	34
4.2.5.- CONCURSO DE RELATOS DE TERROR “Chega o Samaín”.....	35
4.2.6.- CONTACTOS COA LUSOFONIA.....	36
4.2.8- NADAL EN GALEGO.....	37
4.3.-ACTIVIDADES NO 2º TRIMESTRE.....	37
4.3.1. MANTEMOS O “MODO GALEGO” ACTIVADO.....	38
4.3.2.- CASTELAO E A SEMANA DA RETRANCA NO MILLADOIRO.....	38
4.3.3. O NOSO ENTROIDO.....	39
4.3.4. CIENCIA EN GALEGO: DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA.....	39
4.3.5. ROSALÍA NO MILLADOIRO E MÁIS ALÁ.....	40
4.3.6.- MATEMÁTICAS EN GALEGO.....	40
4.3.7.-AO SON DA PAISAXE.....	41
4.3.8- PARTICIPACIÓN NA FEIRA INNOVAMES.....	41
4.4.-ACTIVIDADES NO 3º TRIMESTRE.....	42
4.4.1.- A LINGUA GALEGA NA LUSOFONÍA.....	42
4.4.3.- ECOLINGÜISMO DESDE O “PROXECTO RÍOS”.....	42
4.4.4.- TEATRO LIDO E OUTRAS LECTURAS.....	43
4.4.5.- LETRAS GALEGAS: AS CANTAREIRAS E A POESÍA POPULAR ORAL.....	45
4.4.6.- CORRELINGUA.....	45
5- AVALIACIÓN DO ALCANCE DA PROGRAMACIÓN.....	47
6- INTEGRANTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	48

1-INTRODUCCIÓN

O Milladoiro e o seu IES

O IES do Milladoiro, situado na localidade do mesmo nome, é un centro que ten unhas características sociolingüísticas moi especiais debido á poboación que acolle. Este é un dos dous institutos do concello de Ames, un concello que medrou como dormitorio da cidade de Santiago e ten como característica destacada o seu enorme crecemento desde a década dos 90 do século pasado.




Ilustración 1- Evolución do Padrón Municipal de habitantes dos concellos da comarca de Santiago de Compostela.(1981-2019)

O proceso de crecemento que experimentou o concello nos últimos anos caracterízase pola procedencia foránea dos novos habitantes. Ames é, polo tanto, un concello no que a maioría da poboación provén doutros lugares de Galicia, pero tamén de fóra de Galicia (20%) ou doutro país (13%).




Ilustración 2- Distribución da poboación de Ames segundo o lugar de nacemento. Datos de 2019




Ilustración 3- A poboación de Ames nacida no estranxeiro por países de nacemento. Datos de 2019.

O Milladoiro destaca por acoller un número moi importante de poboación estranxeira. Polo tanto este centro conta cun número de alumnado migrante que gotea continuamente. Temos rapazada procedente de 21 nacionalidades, a maioría son de 12 países diferentes de América do sur, sendo máis predominantes as comunidades brasileira, dominicana e venezolana. Tamén hai alumnado chegado dalgún país europeo ou africanos. O centro comezou cun programa de inmersión en linguas, onde o alumnado estranxeiro recibía aulas de lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa, segundo necesidades, mais quedou interrompido pola pandemia e xa non se retomou. Neste momento parece que segue a ser imposible volver a el pola falta de profesorado, este feito supón un problema importante para a adquisición da lingua galega entre esta poboación que sofre inmersión unicamente en castelán, lingua ambiental do Milladoiro. Ademais temos un número de poboación importante cun descoñecemento básico da nosa cultura, feito que tamén determina o deseño de parte das nosas actividades.

Alén disto, cómpre ter presente que a poboación do Milladoiro, aínda tendo orixe galega, non ten raíces na vila. Tal e como se dicía arriba, O Milladoiro é unha poboación que medrou exponencialmente a partir dos anos 90 do século pasado, mais non só persoas chegadas de fóra de Galicia, senón con xente de todas as partes de Galicia, que normalmente traballaba en Santiago, e que podía acceder a unha vivenda máis barata nesta localidade. Esta poboación continúa a ir aos seus concellos de orixe nas fins de semana e non hai sentimento de pertenza ao lugar, feito que nos levou a deseñar nos cursos anteriores un proxecto denominado Ao son da oralidade: o noso patrimonio.

Como traballa o EDLG

O Equipo neste curso 2024-2025 está composto por oito membros do profesorado. Unha profesoras e un profesor, xunto coa coordinadora, contan cunha hora de reunión común semanal, mentres que os outros seis non teñen redución mais participan dos grupos de whatsapp e correo para a organización e deseño das diferentes actividades e proxectos. A maiores, hai profesorado que axuda no desenvolvemento de actividades puntuais e concretas.

O máis destacado do enfoque deste EDLG é a participación sempre voluntaria e activa do alumnado que o conforma. Os membros que forman parte deste grupo de traballo anótanse voluntariamente e ocupan parte do seu tempo libre, porque ocupan moitos recreos, algúns mediodías e mesmo tardes. Concibimos o alumnado un elemento moi importante na concretización de actividades deseñadas para o resto dos compañeiras e compañeiros. Ademais son dinamizadores a través das dúas redes sociais que eles manexan e controlan moi ben (Tik-tok e mais Instagram), algo que neste momento se está a facer difícil pola limitación no uso dos móbiles nos centros. É certo que teñen permiso do EDLG para gravar durante os recreos mais

sempre crea conflito con compañeiros e profesorado, algo que estamos tentando resolver da mellor maneira.

O máis destacado do enfoque deste EDLG é a participación sempre voluntaria e activa do alumnado que o conforma. Os membros que forman parte deste grupo de traballo anótanse voluntariamente e ocupan parte do seu tempo libre, porque ocupan moitos recreos, algúns mediodías e mesmo tardes. Concibimos o alumnado un elemento moi importante na concretización de actividades deseñadas para o resto dos compañeiros e compañeiras.

Xa no relativo aos apoios e colaboracións do EDLG, cómpre destacar que o concello de Ames conta cun **Servizo de normalización lingüística** xa moi asentado que leva anos programando actividades ao que tentamos sumarnos sempre que nos ofrezca a posibilidade, colaborando -cando nos é posible- en todas as accións que deseñe especificamente para o ámbito educativo.

O EDLG, en contacto con diferentes institucións, ofrece a súa colaboración nas diversas campañas que se deseñen, dun xeito especial, para contextos educativos. Nomeadamente o centro participa tamén en certames de tradición normalizadora coma o "Correlingua", o Concurso de recitado organizado pola Casa Museo de Manuel María, actividades da AELG, etc. Adaptarémonos ás propostas especiais que se fagan este curso.

Buscamos tamén ter sempre relación fluída coas familias a través da ANPA.

Vaise buscar implicar o Centro nas distintas propostas que no ámbito da dinamización da lingua e cultura galegas se desenvolvan desde órganos específicos de longo alcance. Ampliarase deste xeito a capacidade dinamizadora executada no contexto estritamente educativo.

Non temos espazo físico propio tampouco este curso, exceptuando o uso que facemos da aula 115, que empregamos nos recreos para reunións ou para desenvolver actividades do Equipo, organizar o alumnado para a realización de guións da radio, ensaios varios... Pedimos esta por estar máis próxima ao estudo de radio.

2- CONTEXTUALIZACIÓN: Breve estudo sociolingüístico do centro

Ademais dos datos tirados para o Plan Lingüístico de centro contamos co estudo realizado desde o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega que realizou unha análise en profundidade da

situación sociolingüística do IES dentro do que é o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*. De ambos estudos extraemos os datos necesarios para a elaboración da contextualización á nosa programación.

2.1.- Datos do profesorado

O estudo citado elaborouse cos datos do profesorado que estaba no IES durante o curso 19-20 e que quixo responder a enquisa, normalmente accedendo ao pedimento do profesorado do Equipo que lle suxería que a respondese. Ademais hai que ter en conta que o profesorado no centro ten moita mobilidade, polo que esta información ten unha **fiabilidade relativa** para describir a situación sociolingüística actual do centro. Deixamos os datos que o citado estudo da RAG ten publicados, pero aclaramos que na análise que realizamos desde o EDLG este curso, os datos de coñecemento e uso do galego son **peores**




Ilustración 4- Lingua inicial do profesorado




Ilustración 5- Lingua habitual do profesorado




Ilustración 6- Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización do galego co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.

Este curso, temos pensado actualizar os datos a través dunha enquisa ao profesorado. Pediraselle que conteste unha enquisa sociolingüística para axustar un pouco máis a análise, a través da aula virtual do equipo.

2.2.- Datos do alumnado

O alumnado do IES do Milladoiro presenta niveis socioculturais moi variados e responde ás novas realidades familiares existentes na sociedade. Esta diversidade amplíase coa presenza dunha porcentaxe relativamente elevada de alumnado procedente do estranxeiro (Un 13% do alumnado do IES procede dun país estranxeiro), que se incorpora ao longo de todo o curso, mesmo na terceira avaliación e, en non poucas ocasións, con desfases curriculares severos.

Aínda que a poboación inmigrante constitúe no Milladoiro un dos colectivos con maior risco de exclusión, este alumnado intégrase na vida do centro con relativa facilidade.

A continuación presentamos os datos de usos do alumnado, do curso pasado, tirados das enquisas sociolingüísticas. Como no caso do profesorado, trataremos de actualizar os datos durante o presente curso.

Usos

- Contamos cun 17,2% de alumnado nacido fóra de Galicia, pero só un 4% aprendeu a falar nunha lingua distinta do galego ou o castelán.

- Constatase un descenso moi pronunciado no **uso do galego** na xeración do noso estudiantado. O galego constitúe a lingua habitual na casa do 27% do alumnado en presenza deste (con seguridade, a proporción será maior na comunicación entre os proxenitores), mais só é a lingua inicial do 19,3% das mozas e mozos e a empregada polo 3,2% destes nas relacións inter pares. Alén diso, a escola segue sendo un axente profundamente castelanizador, non só debido á presión do grupo na socialización entre iguais, senón no ámbito global da formación: no instituto decláranse empregar de xeito normal o galego unicamente un 3% do alumnado, por máis que neste caso sexa relevante o número dos que se recoñecen nun uso máis ou menos parello de galego e castelán (19,1%). En relación co anterior, un 54% das persoas enquisadas percibe a presenza da lingua galega no centro (aulas, actividades, interaccións, recursos...) como escasa (22%) ou moderada (32%).
- Obsérvase, así mesmo, un predominio ben relevante do **castelán** (61,2% só ou máis castelán) na escolla das lecturas, a pesar da oferta de obras en galego. No caso do acceso a recursos audiovisuais ou electrónicos, condicionado aínda máis polo mercado, a presenza do galego é especialmente exígua (só castelán supón un 57,2%, só e máis castelán un 87,2%).

Se atendemos aos datos do *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames* que fan referencia ao noso centro, destaca especialmente o seguinte:

- O IES do Milladoiro recolle o alumnado do CEP de Ventín onde hai menos de un 10% de galegofalantes.
- No noso IES, no momento en que se realizou o estudo citado, había menos de un 2% de galegofalantes.

Competencias

- As competencias manifestadas (non demostradas) sitúan o español moi por enriba do galego: hai 38,4 puntos de diferenza no dominio bo / moi bo. E o que é aínda máis grave: hai case un 12% de alumnado con competencia baixa ou moi baixa en galego, fronte ao 1,5% en castelán. Esta situación entra en conflito coas indicacións legislativas que establecen que o alumnado debe progresar e rematar o ensino secundario cun nivel competencial semellante nas dúas linguas oficiais. É unha realidade que se podería constatar con probas obxectivas e

que supón unha vulneración da normativa (LOMCE, 99, 4: “de maneira que se procure que os alumnos e alumnas dominen ambas as linguas oficiais”; Decreto 86/2015: “O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais”). Independentemente da distribución das linguas por materias que establece a lei, é preciso, logo, empregar todos os contextos comunicativos que poida crear o centro para desenvolver a competencia lingüística minorizada.

- O 13,8% non se sente cómodo ao falar galego (puntuía con menos de 5 sobre 10). E un 19,7% só parcialmente cómodo (puntuía 5 ou 6 sobre 10). Deste xeito, un 33,5% do alumnado amósase refractario ao uso da lingua propia de Galicia ou cun escaso hábito. Nesta liña emocional, declara que non lle gusta falar galego un 41,2% do estudiantado (pouco de acordo con “gústame falar galego” o 23,4% e en desacordo o 17,8%). Así e todo, di que lle gusta falar galego o 58,8%.

Actitudes

Unha porcentaxe ampla, nalgún caso mesmo maioritaria, de alumnado recoñece asumir **ideas prexuzosas**, preconceptos que limitan o valor social do galego e constitúen barreiras para o desenvolvemento das competencias nesta lingua. Ningún dos prexuízos incluídos no inquérito ten presenza irrelevante entre os discentes, sequera aquel que identifica aprendizaxe das linguas con coñecementos negativos ou imposición (marcado polo 15,6%) e ten **especial e preocupante incidencia o que non considera que o galego sexa unha lingua apta para determinados ámbitos (ocio, tecnoloxías...) e, consecuentemente, o que non lle reserva futuro ao galego.**

Desacordo ou pouco de acordo con:

- ✓ **Fomentar o galego: 32,8%**
- ✓ O galego é útil fóra de Galicia: 47,8%
- ✓ O galego é útil en Galicia: 21,6%
- ✓ Preferencia por máis clases en galego: 56,3%
- ✓ A adquisición de linguas enriquece : 15,6%
- ✓ As matemáticas pódense aprender en galego: 30,3%
- ✓ **O galego é apropiado para ligar: 48,1%**
- ✓ **O galego é apropiado para videoxogos: 58,71%**
- ✓ **O galego é unha lingua con futuro: 50%**
- ✓ Débese transmitir o galego ás xeracións novas: 21,9%

✓ **Gústame que me falen en galego: 35,9%**

En canto ao persoal non docente, a persoa que está en secretaría ten o galego como lingua habitual e das dúas persoas que están na conserxería, unha é monolingüe en castelán e a outra persoa emprega as dúas linguas. A persoa que atenden a cafetería é castelanfalante.

Non se fixo enquisa ás familias, pero dos datos do Mapa dedúcese que estas empregan maioritariamente o castelán e as galegofalantes, que son minoritarias, en xeral, non llelo transmiten aos seus descendentes ou aínda que o falen na casa, o alumnado non o emprega no centro. A isto hai que sumarlle unha porcentaxe moi considerable de familias chegadas de fóra, sobre todo de hispanoamérica e algunha do resto de Comunidades. Por último sinalar aquelas familias de orixe brasileira que, ao non explicárselle a nosa realidade sociolingüística e a vantaxe que teñen para achegarse ao galego, teñen ansia por aprender castelán pero non galego.

3- OBXECTIVOS

Despois de revisar os datos sociolingüísticos, marcamos os seguintes obxectivos:

3.1.-OBXECTIVOS XERAIS

- Diseñar un plan a longo prazo destinado a eliminar prexuízos cara á lingua galega, único xeito de conseguir un achegamento efectivo e rendible de cara á adquisición de usos.
- Fomentar o uso progresivo da lingua galega e incrementar a competencia lingüística nos diversos estamentos da comunidade educativa.
- Conseguir que un grupo de persoas (docentes, alumnado ou pais/nais) se ILUSIONE coas actividades propostas ao longo do curso por este departamento, e por conseguinte, coa lingua galega.
- Artellar un proceso educativo e cultural que poña freo ao retroceso no uso do galego que actúe de motor de cambio para mellorar as actitudes cara a nosa lingua.
- Establecer unha dinámica que visibilice que a nosa lingua é un vehículo de comunicación apropiado para todos os contextos e situacións comunicativas: novas tecnoloxías, espazos

urbanos, mundo laboral, etc.

- Presentarlles ás familias os valores identitarios do galego, as vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento para poñer en valor a importancia de transmitírllelo aos fillos e fillas.
- Avanzar cara a unha normalización cultural para que se poidan dar pasos á fronte na normalización da lingua galega. Cun número tan importante de alumnado estranxeiro, de alumnado chegado doutras comunidades e de alumnado xitano é prioritario poñer as bases dunha normalización lingüística apoiada na normalización e difusión da cultura galega.
- Traballar man con man co Servizo de Normalización Lingüística do concello e cos EDLG doutros centros de ensino para así xuntar esforzos de cara a cubrir os obxectivos anteriores.
- Colaborar con outros centros de ensino para crear sinerxias que nos axuden a avanzar.
- Implicar a toda a comunidade educativa no proceso normalizador.

3.2.-OBXECTIVOS A NIVEL DE CENTRO

- Favorecer actitudes positivas, tolerantes, integradoras e abertas cara á lingua galega e as linguas en xeral.
- Conseguir que o galego avance cara a ser a lingua vehicular do centro, tanto na redacción dos documentos externos como internos, amosando a este como un exemplo de normalidade lingüística da nosa contorna inmediata.
- Concienciar os distintos axentes (familias, profesorado, alumnado, persoal non docente, institución e asociacións da contorna...) da importancia do galego non só como lingua senón tamén como factor de desenvolvemento social, cultural e económico, riqueza que é importante preservar e actualizar.
- Incidir no carácter do galego como lingua culta e prestixiada, como todas as demais, mais tamén como lingua de identidade da nosa historia e tradición, do noso presente e amosala como unha lingua de futuro.
- Implicar o maior número de persoas (alumnado, profesorado, persoal non docente) nas actividades do EDLG
- Actuar transversalmente nos diferentes proxectos que se executen no centro para avanzar

cara á súa galeguización.

3.3.-OBXECTIVOS A ACADAR CO ALUMNADO

- Garantir que o pouco alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual (aínda que á par do castelán e aínda que sexa só en ámbitos familiares) poida mantela e consolide a competencia plena nela.
- Animar o alumnado que ten o galego como lingua habitual na casa tamén a use no centro.
- Traballar a inclusión do alumnado chegado de fóra a través da aprendizaxe do galego.
- Empoderar o alumnado galegofalante para que sinta que ten un valor engadido e non agoche a lingua nin se avergonce dela.
- Organizar actividades e crear espazos que lle permitan ao alumnado castelanfalante achegarse ao galego.
- Promover especialmente a oralidade, en contextos formais pero especialmente nos non formais e entre iguais.
- Familiarizar o alumnado con ámbitos de comunicación modernos, tecnolóxicos, científicos, empresariais, de prestixio en galego.
- Facer que o alumnado sexa suxeito activo, organizador e participante, nas actividades a prol da nosa lingua.
- Favorecer que o alumnado empregue o galego nas diferentes manifestacións artísticas que desenvolvan (música, teatro...)
- Mudar un discurso prexuzoso cara á nosa lingua.
- Usar o galego para a inclusión e integración de todo o alumnado chegado de fóra.
- Conseguir que as actividades sexan o suficientemente atractivas como para o que o alumnado se ilusione co proxecto e queira colaborar con el.

3.4.-OBXECTIVOS DE CARA AO PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE

- Favorecer que o profesorado e persoal non docente mellore as súas competencias na nosa lingua.
- Animar ao profesorado e persoal non docente a empregar o galego na vida cotiá do centro e

no seu trato coas familias

- Eliminar, do discurso do profesorado, prexuízos relacionados coa lingua galega.
- Fomentar o uso non diglósico da lingua galega.
- Ofrecerlles materiais en galego que lles poidan axudar no desenvolvemento do seu traballo diario.

3.5.-OBXECTIVOS DE CARA ÁS FAMILIAS

- Presentarlles ás familias o contexto sociolingüístico da lingua galega, especialmente para aquelas chegadas doutro país, e facerlles ver a necesidade de fomentar o galego.
- Favorecer a participación de pais e nais (e veciñanza en xeral) en actividades do Equipo de dinamización do galego.
- Eliminar os prexuízos sobre a lingua galega que están máis instalados entre a diferente tipoloxía de familias.
- Transmitir o valor da lingua propia cara ás familias para que teñan interese en aprendela, aquelas que non a teñen, e mais interese en non deixar de transmitila, aqueles que a teñen de seu.
- Ter as familias constantemente informadas de accións proactivas arredor da lingua galega en xeral e das que se realizan no centro en particular.
- Implicar as familias en pequenas accións concretas dentro dos proxectos que desenvolvemos, non só para informálas, senón para que acheguen o seu gran de area de xeito voluntario.

4-ACTIVIDADES

4.0 INTRODUCCIÓN

As actividades que presentamos a continuación foron pensadas para desenvolver os obxectivos que marcamos segundo as necesidades e circunstancias do noso centro expostas tanto na introdución coma na contextualización.

Dividimos as actividades de xeito temporal, dedicándolle unha epígrafe a cada trimestre e outra a aquelas que se van **desenvolver todo ano**. Tentamos organizar **actividades múltiples e variadas**, para axudar tanto á participación como ao disfrute do maior número de persoas da comunidade educativa. Hai que partir de que procuramos a **implicación activa de todos os membros da comunidade educativa** desde hai anos, algo que xa vén dado tal e como concibimos nós o EDLG, no que o **alumnado e profesorado** participa de maneira ampla e buscamos tamén a colaboración activa das **familias** nunha grande parte delas. A colaboración coa ANPA é moi fluída.

Outro trazo que caracteriza o noso EDLG é que, ademais de querer ligar o alumnado e familias coa nosa cultura, patrimonio e tradición, sempre quere asociar a **promoción do galego ao mundo actual e ás novas tecnoloxías**. O mantemento do blog, das seccións da web, das redes sociais, a creación de pezas audiovisuais, o traballo continuo na radio, a elaboración de códigos QR en varias actividades, etc xa son constantes no noso quefacer ao longo dos anos.

Tamén traballamos desde hai anos en **colaboración con outras institucións e entidades externas ao centro**. Por un lado e de forma significativa está o **Concello de Ames**, colaborando durante todo o curso, non só co Servizo de Normalización Lingüística (SNL) tanto en actividades concretas que realizamos como noutras que difundimos información; senón tamén coa Área de cultura, coa concellaría de Promoción económica, coa concellaría de Igualdade... Ademais das accións puntuais nas que participamos, tamén informamos e difundimos de xeito constante as noticias sobre as representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, exposicións, concertos e todas aquelas actividades que se programen no concello de Ames ou noutras localidades próximas e que vexamos que poden ser de proveito para o alumnado ou outros membros da comunidade educativa.

Desde hai anos organizamos **actividades en colaboración con outros centros educativos**. A relación constante co IES Marco de Camballón de Vila de Cruces segue este curso, igual ca a comezada o curso pasado co outro IES do concello, pero que está noutra localidade diferente á nosa (o IES de Ames situado en Bertamiráns). No espazo xeográfico do Milladoiro colaboramos este curso coa escola de primaria (CEIP de Ventín).

Ademais o EDLG ofrece sempre a súa colaboración nas diversas campañas que se deseñen, dun xeito especial, para contextos educativos por parte doutras entidades. Nomeadamente o centro participa tamén en certames de tradición normalizadora coma o "Correlingua", o Concurso de recitado organizado pola Casa Museo de Manuel María, actividades da AELG, Concurso de podcast sobre Otero Pedrayo, etc. Adaptarémonos ás propostas especiais que se fagan este curso, tanto estas entidades coma outras que poidan aparecer.

Aínda que buscamos moitas actividades con custo 0€, a realidade é que algunhas requiren moito diñeiro, por iso sempre procuramos financiamento complementario.

É importante tamén deixar plasmado que esta programación está viva e que pode e debe ser modificada segundo transcorra o curso en canto a moitos factores que se desenvolven nun centro educativo coma o noso que conta cun grupo moi importante de alumnado de grande mobilidade e moito profesorado non definitivo ou que acaba de chegar ao centro.

Xa por último, seguimos na liña de difundir todas as actividades que organizamos e desenvolvemos. Enviarase, como xa se está a facer, desde o EDLG aos medios de comunicación, tanto locais (Radio Ames) como comarcais (prensa, radio, televisión...), notificación das actividades que se realizan no marco do centro ou con proxección na Comunidade Educativa.

4.1.ACTIVIDADES PERMANENTES TODO O CURSO

4.1.1.- MillaFalaDoiro: A RADIO DO EDLG

A actividade da radio é sen dúbida a que ocupa máis tempo durante todo o ano de traballo activo a diario do alumnado e do profesorado.

Obxectivos:

- Promover o uso da lingua galega, sobre todo no rexistro oral a través da locución, pero tamén do rexistro escrito á hora da realización de guións.
- Crear un espazo para a práctica da lingua por parte dun alumnado maioritariamente castelanfalante, pero tamén por parte de alumnado que é galegofalante na casa e que pode facer ver as súas capacidades.
- Promover a reflexión e uso da lingua por parte de toda a comunidade educativa que participe no proxecto.
- Introducir o alumnado no mundo da radio a través de podcast de diferentes temáticas.

Descrición:

Aínda que a radio se montou no curso 19-20 e comezou a funcionar no curso 20-21, non foi ata o pasado ano lectivo (22-23) que temos un local propio que nos permitiu facer as gravacións cun mínimo de calidade, mesmo coas deficiencias que aínda ten.

Neste momento o proxecto da radio está bastante consolidado, é coñecido por moito alumnado e vai dando os seus froitos. Este ano seguimos con todas e todos os colaboradores do ano pasado e houbo un número importante de rapazada nova, de 1º e 2º ESO, que se achegou ao Equipo para formar parte deste equipo de traballo, que lle **dedica todos os recreos** e algunha tarde. Comezamos por formar a este alumnado, ás veces por man dos compañeiros/as que xa levan máis anos, e outras veces a través de formación externa.

Precisamos distribuír os recreos para que se poidan organizar por quendas para gravar uns mentres outros ensaian teatro lido ou elaboran guións na aula máis próxima (115). Dado o reducido do espazo de gravación, non sempre poden formar os grupos de traballo que queren porque o

espazo non dá. Como en cada nivel hai diferentes grupos de traballo, acordamos que as gravacións se van facendo por orde segundo se vaian revisando e pechando os guións.

Este ano gustaríanos comezar a emitir nalgún recreo en directo, mais por agora non temos financiamento para realizar ningunha obra, polo que de momento imos seguir a facer programas de podcast con temáticas do seu interese para que organicen os seus programas por grupos. Cada programa ten varios episodios segundo as temáticas e o nivel de dispoñibilidade do alumnado.

No momento de pechar a programación temos os seguintes programas xa en funcionamento, algúns continúan do curso pasado e outros xorden novos.

Seguimos co xa mítico programa **Entrevistas con Diego** que leva desde as orixes da nosa radio sempre dirixido por Diego Madarnás, igual ca outros que xa teñen tradición aínda que vaian mudando a rapazada que o dirixe, como é o caso de **Voces da lusofonia**, mais continúan co espírito de dar a coñecer aspectos da cultura do país veciño e abren o mundo da lusofonía como un espazo irmán. Tamén se fan lecturas de obras de autores da literatura lusa.

Temos un conxunto de programas de temas variados como o das **Emprendedoras galegas** ou **Falando vou, falando veño e Falando coa lúa**, todos elaborados por tres grupos de rapazas diferentes de 2º da ESO.

Un programa con grande éxito é o de **Radio-teatro**. Un pequeno grupo de rapaces e rapazas comezaron hai dous cursos a dramatizar obras de teatro en galego. Están acabando as gravacións pendentes do curso pasado da obra *Dormente* de Raquel Castro e *As alumnas* de Paula Carballeira.

Como a mudanza da coordinadora non permitiu até o momento dar unha continuidade ao inxente traballo levado a cabo en cursos anteriores, tentaremos ir recuperando outros programas xa clásicos na radio, na medida do posible, como **Deportes no MillaFalaDoiro** ou o **Magazine do MillaFalaDoiro**.

Haberá tamén opción de gravar outros programas cando teñamos a oportunidade de organizar unha formación para o alumnado de nova incorporación, que será, previsiblemente, en novembro.

Todos estes programas sóbense á plataforma **Ivoox**. Logo cólganse no **blog** e difúndense tamén a través da web do centro, onde se abriu tamén un espazo específico para a radio, neste están todos os podcast que realizamos e onde imos seguir colgando todo. No apartado do EDLG da web tamén subimos artigos nos que explicamos os podcast realizados.

Orzamento: 300 € para formación directa co alumnado, 200€ para asesoramento técnico e formación específica, 90€ para compra de materiais non inventariables. **Total: 590€**

4.1.2. CONTACTO PERMANENTE DO EDLG COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Obxectivos:

- Dar a coñecer o EDLG a toda a comunidade educativa.
- Ofrecer axuda ao profesorado para o uso da lingua galega no centro, ben nas aulas, ben noutras actividades.
- Explicar as razóns da existencia do EDLG para que se vexa coma un elemento necesario e imprescindible no centro.
- Motivar o alumnado para que se sume ao proxecto do EDLG e así aumentar o uso da lingua.
- Anunciar todas as accións e actividades que se organizan desde o EDLG.
- Ofrecer unha visión positiva do Equipo entre toda a comunidade.
- Informar de actividades normalizadoras
- Concienciar sobre o necesario uso proactivo da lingua
- Promover actitudes positivas

Descrición:

Para nós é fundamental que a comunidade educativa teña sempre presente o Equipo e o seu labor, por iso tentamos difundir as nosas actividades, pero tamén atender necesidades concretas de todos os membros. Plasmamos a continuación algunhas das accións centradas, sobre todo, nos dous colectivos que están máis á marxe do Equipo: o profesorado non colaborador e as familias.

Por un lado buscamos ter VISIBILIDADE E PRESENZA CONSTANTE e polo outro realizar unha DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN RELACIONADA COA LINGUA GALEGA E A SÚA NORMALIZACIÓN, para cubrir un obxectivo importante: a información e sensibilización arredor da lingua galega.

Para dar a coñecer o EDLG nun IES que, coma todos, recibe alumnado novo para 1º ESO, pero que logo ten unha matrícula aberta para todos os niveis de alumnado inmigrante e que, ademais, ten un cadro de persoal novo moi numeroso, desenvolveremos as seguintes accións:

- **Cartaces que difunden os nosos espazos no instituto e mais no mundo dixital**

É moi importante para nós difundir sobre todo a **conta de correo** (endmilladoiro@gmail.com). É unha das primeiras accións, sobre todo de cara á rapazada que se quere achegar ao equipo. Está distribuída en cartaces polo IES para que poidan tomar nota do enderezo e escribirmos para calquera comunicación. Os que pretenden ser membros do Equipo xa o sinalan e entran na lista de correo que temos co alumnado.



Tamén nos serve para difundir a **conta en Youtube**, a dos diferentes **blogs que temos e mais a das redes sociais**.

- Manter o **tableiro da entrada** con novas e anuncios das actividades.
- Realizar entradas regulares na **web do centro** para que chegue a todas familias e á comunidade en xeral tanto as actividades que facemos, como outras informacións de interese.
- Presenza no **tableiro da sala do profesorado** sobre cuestións de interese do profesorado, non só referida a actividades, senón tamén a novidades ou

cuestións relacionadas coa lingua e a sociolingüística en xeral.

- Informar puntualmente á conserxería de todas as accións e actividades para que saiban o que se está a desenvolver.
- Manter información constante no blog sobre concursos literarios, novas de prensa ou actividades que o EDLG considere relevantes para o alumnado. Terá un lugar predominante a información sobre campañas de sensibilización e, sobre todo, a publicidade das

actividades que nós organizamos. Para estas, nalgúns ocasións, o alumnado do EDLG vai facer un deseño específico en cartelería para os taboleiros citados e logo vaise fotografar e subir ás redes..

Orzamento: 30€ para material funxible todo o curso (fotocopias en cor, material de papelería, pinturas...).

4.1.1.4- Apoio constante ao profesorado

Ademais dos cartaces que se van colocar polo centro anunciando o ENDLG, ao principio de curso vaise mandar un correo lembrando a uns, e mostrándolles a outros, tanto como poden poñerse en contacto connosco a través do correo electrónico, como cales son as canles de información que temos (blog, radio, redes sociais...).

Ademais imos ofrecerlles a nosa axuda, máis ou menos directa. Por un lado, tentaremos achegarlles materiais de formación e asesoramento a todo o profesorado, agora tamén na aula virtual. Por outro lado, imos achegar colaboración co labor das titorías. Para facilitar certas tarefas de titoría, encargámonos de repartir materiais básicos en galego e que estean relacionados cos proxectos que temos en marcha, como por exemplo os **calendarios mensuais** para todas as aulas.

Orzamento: 87€ impresión dos calendarios en cor

4.1.3.-MÚSICA PARA A NORMALIZACIÓN.

Obxectivos:

- Facer música en galego de diferentes estilos, desde tradicional a contemporánea.
- Difundir música en galego
- Normalizar a lingua a través da música

Descrición:

Este ano continuamos coas liñas de interpretación, composición e difusión de música en lingua galega co grupo EUTERPE.

Este curso vaise potenciar a música tradicional con novo alumnado que se achegar ao proxecto de dinamización lingüística. Así pois, aproveitaremos a conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado este ano ás cantareiras e a poesía popular oral.

O curso pasado formouse unha ORQUESTRA DA REGUEIFA intercentros co alumnado do IES Marco do Camballón. A primeira toma de contacto foi na inauguración da exposición “Ao son da Oralidade” no Museo do Pobo Galego en novembro. Este ano sumarase á orquestra tamén o IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela. Ademais, continuando co proxecto de fai dous cursos en que se fixo unha viaxe a Euskal Herria dentro do proxecto Regueibertso, este ano acolleremos no noso centro alumnado e profesorado chegado de Euskal Herria.

O curso pasado creouse o **CORO DAS EMOCIÓNS** formado por profesorado e alumnado que ensaiaba un día á semana (os venres). Este ano, tentará manterese o coro coa correspondente renovación pois varias das persoas que o integran, tanto profesorado como alumnado, non están xa no centro. O obxectivo é promover e dar a coñecer a música en galego.

Deste xeito, a través desta expresión artística potenciamos o uso da lingua galega como elemento normalizador.

Na actualidade hai un grupo de máis de vinte persoas que está a medrar día a día.

Orzamento: 300 €

4.1.4.- REDES SOCIAIS

Obxectivos:

- Difundir as actividades que facemos.
- Saber o que fan outros Equipos e institucións relacionadas coa lingua.
- Informar de accións normalizadoras
- Enviar mensaxes de cara á eliminación de prexuizos cara ao galego
- Optimizar tempo e axudar a organización interna

Descrición da actividade:

Ademais do xa citado correo electrónico para a comunicación co Equipo (endlmilladoiro@gmail.com) e do blog descrito na 4.1.9.- MILLA FALA DOIRO: O BLOG DO EDLG temos

- Unha **conta de whatsapp** de comunicación rápida do profesorado do Equipo.
- **Instagram: edlgmilladoiro** é a rede que neste momento máis emprega o noso alumnado e precisamos ser activos aí. Neste momento está sendo xestionado pola coordinadora, mais procuraremos formar un grupo de alumnado para a xestión do mesmo..
- **Facebook: ENDL MILLADOIRO**, destinada máis a profesorado, familias e institucións relacionadas coa lingua. Xa temos un número de familias considerable que segue as nosas actividades a través desta rede. A idea é poder dar conta de todas as nosas actividades (desde anunciarlas a mostrar os produtos finais), como tamén colgar artigos, reflexións, vídeos, documentación variada arredor da lingua (para cubrir os obxectivos da epígrafe anterior)
- **Tik-Tok do EDLG do Milladoiro**, destinado a toda a comunidade educativa, pero especialmente á rapazada porque é a xente nova quen máis a usa. Ao igual do que con Instagram, trataremos de crear un equipo de xestión da rede entre o alumnado participante. En principio a conta vai ser pública, polo tanto, se houberse calquera tipo de comentario ofensivo pódese borrar, ou directamente bloquear á persoa dos comentarios (non poderá comentar) ou bloquear totalmente (non poderá comentar nin ver o contido). Se son moitas persoas coa mesma conduta ofensiva podemos poñer a conta en oculto (para seguir ou comentar habería que ter permiso)

No relativo aos contidos vanse ocupar de tres liñas principais:

- 1- Promocionar todo o que se faga no IES en relación á lingua galega, e tamén anunciar actividades do EDLG para dar a coñecer ou ben para animar a participación, gravando pequenos vídeos de como están a preparar o club de debate, anunciando os podcast que se colgan, etc... Os vídeos poderán durar ata tres minutos. Vaise dar opción a que calquera persoa poida realizar un vídeo, envíalo por correo ou drive ao equipo e, se nos gusta, publícalo na nosa conta.
- 2- Crear concursos sobre contidos xerais ou específicos do centro, ou da contorna, para que respondan os compañeiros e compañeiras. Buscárase que parte do alumnado implicado se volva tiktokker ao estilo de “Supergeografía” para que faga preguntas á xente do instituto sobre cuestións de cultura xeral. Tamén abordaremos temas como a toponimia para facer difusión de xeito ameno.
- 3- A rapazada de 2º ESO fai propostas para facer vídeos de tik-tok con formatos de moito éxito para eles como son os ping-pong. Xa fixeron varios o curso pasado sobre a limpeza do instituto e o uso da biblioteca.

En principio para realizar os vídeos imos empregar a opción máis cómoda de usar a propia cámara do tiktok e o seu editor de vídeos, aínda que tamén poderemos xogar coa opción de empregar outras cámaras e logo editalo ben no tiktok, ben en aplicacións externas.

Orzamento: (20€ imprimir cartaces en color difundindo as nosas redes)

4.1.5.- AULA VIRTUAL PARA APOIO E IMPULSO AO PROFESORADO

Obxectivos:

- Alcanzar un uso preferente do galego, nas relacións docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Facilitar información de cara a mellorar as competencias, as actitudes lingüísticas do profesorado e os coñecementos necesarios para participar en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Apoiar o labor das titorías en galego

Descrición da actividade:

Creamos este curso que ten os seguintes temas:

1- FOROS:

- Foro de dúbidas.** Para recoller dúbidas, cuestións e suxestións que se nos queiran presentar.
- Foro de novas.** Para avisar o profesorado de calquera novidade que consideremos de interese.

2- RECURSOS. Aquí colocamos:

- as **Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega** tanto na súa versión orixinal en pdf, como un enlace ao [formato maquetado que realizamos no noso centro e que temos colgado nunha site](#).
- **Enlaces de interese:** dicionarios on-line, webs de interese (Galego 2.0:Enredad@s coa cultura, etc)
- **Calendarios para as aulas**

3- **ACTIVIDADES DO EDLG-** Neste tema imos colocando material relacionado con actividades do EDLG que cadaquén pode descargar ou proxectar para anunciar nas titorías ou nas aulas. Por exemplo os concursos (“Medio minuto de ciencia en galego” ou “Relatos de terror” ... por poñer un exemplo)

Orzamento: 0€

4.1.6.- MEDIACIÓN LINGÜÍSTICA: SOMOS DIFERENTES, SOMOS REFERENTES.

Obxectivos:

- Axudar o alumnado non falante de galego a que poida aprender a nosa lingua en contextos informais e entre iguais
- Visibilizar o alumnado que ten dominio pleno da lingua galega (aínda que non o use no centro) e empoderalo como posuidor dun coñecemento que o fai valioso e necesario.
- Facer etnografía lingüística
- Eliminar todo tipo de discriminación, incidindo na lingüística (desatendida nos centros educativos)
- Potenciar a interculturalidade, a través de espazos como a Radio Escolar, como unha fortaleza do centro.
- Crear protocolos de acollida para alumnado novo a través dos Equipos de Axuda, nos que se traballe unha liña de acollemento lingüístico para alumnado e familias.

Descrición da actividade:

Como se expuxo na introdución e contextualización, no IES do Milladoiro hai unha cantidade moi grande de alumnado non falante de galego, ben porque perdeu a lingua na transmisión familiar, ben porque a súa familia é foránea, acaba de chegar recentemente e non ten ningunha posibilidade de achegamento á nosa fala.

Desde o curso 2018-2019 comezamos cunha actividade que chamamos “**Recreos con lingua**”, que desenvolvía un proxecto de **Voluntariado Lingüístico** que naceu para dar axuda a todo este alumnado, pero principalmente a aquel que non é galego e participaba no Programa de adquisición de linguas ou Inmersión lingüística, programa que non existe desde a pandemia. Con todo, desde o curso 20-21, avanzamos con esta actividade desligada do programa de inmersión e conseguimos levar adiante certos pares en que un rapaz ou unha rapaza que domina o galego suficientemente, acompañou a un rapaz ou rapaza de fóra durante un recreo á semana para falar de temas do seu

interese. En cada encontro destes “Recreos con lingua” cobren o seu carné e colócalles o carimbo correspondente.

Neste presente curso, imos organizar esta actividade dentro do lema do proxecto educativo “Somos diferentes, somos referentes” como unha forma de visibilizar e valorar a diversidade do centro e de reforzar o papel da lingua propia como elemento integrador fundamental.

Por último, tentaremos deixar reflectida a experiencia do voluntariado lingüístico na creación de algúns programas de radio nos que se entrevista ás participantes para falar da súa experiencia e mostrar así a fluidez lingüística que acadaron en lingua galega.

Orzamento: 50€ (Para bocadoillos na cafetaría, cada 8 carimbos asinados nas tarxetas -descrito nas memorias anteriores- van recibir un vale de 2 euros para a cafetaría)

4.1.7.- CIENCIA EN GALEGO

Obxectivos

- Eliminar prexuízos arredor do galego en determinados ámbitos
- Demostrar que o galego é válido para todos os ámbitos, nomeadamente no mundo científico

Descrición: Ao longo de todo o curso imos traballar para cubrir este par de obxectivos, complexos e moi necesarios con varias accións que se desenvolven durante todo o ano para conseguir implicar o maior número de rapazada de todos os niveis. Tamén queremos colaborar cos diferentes departamentos científicos, tanto o de bioloxía, física, matemáticas e tecnoloxía. Con cada un deles imos organizar diferentes actividades en galego

En cada trimestre imos escoller unha celebración que nos dea pé para traballar nos obxectivos deseñados. No primeiro ímonos centrar en celebrar o mes da Ciencia en galego, ocupa o mes de decembro enteiro; no segundo realizaremos accións a partir da efeméride do *Día da muller e da nena na ciencia* e mais o Día de Pi, xa no terceiro imos aproveitar o Proxecto Ríos para continuar no asentamento de que o galego é unha lingua válida para tratar calquera tema científico.

Tamén establecemos colaboración co Club de Ciencia, que se vai levar desde o departamento de Física, para animalos a que realicen as actividades en lingua galega.

O orzamento explícase en cada trimestre.

4.1.8.- PROXECTO “AO SON DA PAISAXE”.

Obxectivos:

- Ligar a ecoloxía e a lingua avanzando cara ao ecolingüismo.
- Difundir a nosa literatura e a nosa música.

Descrición:

Debido a que os arredores do IES estaban totalmente despoboados, sen ningunha árbore, arbusto, flor... acordamos desde o EDLG organizar hai 3 cursos unha campaña ligada ao Día de Rosalía e hai dous anos ligámola cunha **homenaxe a Castelao** e comezamos a plantar na zona húmida e mais a facer melloras e ampliacións nas zonas xa plantadas.

O curso pasado colocamos ao lado dos bancos e mesas poemas polo Día de Rosalía, así como unha composición musical, un lema a favor do galego e varios **códigos QR** con información como as cancións e poemas asociados a cada elemento da paisaxe ou información sobre as diferentes especies vexetais plantadas. Esta información vaise gravar na radio para que teña boa calidade e xa se vai ir subindo ao blog do mesmo nome “Ao son da paisaxe”.

Este ano daremos continuidade ao proxecto coa colaboración co Proxecto Competencial de 1º da ESO coa creación dunha charca no centro como forma de coñecer de primeira man a biodiversidade que se xera arredor da auga. Ademais, tentarase facer unha visita a Xinzo de Limia para visitar un proxecto semellante que tivo moito éxito. Pensamos tamén na posibilidade de crear un bolboretario neste mesmo proxecto.

Orzamento: 420€ (pídese a colaboración do concello)

4.1.9.- MILLA FALA DOIRO: O BLOG DO EDLG

Obxectivos:

- Priorizar as competencias activas da lingua.
- Difundir as actividades planificadas e executadas polo EDLG así como traballos ou posicións puntuais do centro escolar con respecto a cuestións diferentes relacionadas con múltiples temáticas, alén da situación ou problemática lingüística.
- Crear un espazo na rede exclusivo para o EDLG que sirva de referencia para colocar todas as nosas actividades, mesmo para completar información que non se pode especificar na web do centro cando damos noticias.

Descrición da actividade:

Vai xa polo sétimo curso no que vai funcionar o noso “MillaFALAdoiro, aínda que no curso pasado houbo que comezar de cero despois de termos sufrido un accidente polo que perdemos practicamente todos os contidos dos anos anteriores.

Aínda que nos obxectivos indicamos que é un espazo para dar a coñecer as nosas actividades, tamén é certo que o resumo de moitas delas normalmente van á web do centro. Para non colocar información repetida, o blog empregámolo para ampliar as novas ou mesmo para enlazalas, pero tamén para colgar información de interese arredor da normalización da lingua galega, datos complementarios sobre os programas de radio, artigos da rapazada, textos de creación, vídeos ou outras actividades que queren publicar. Tamén lle damos saída a información de interese do SNL do concello ou doutro servizo ou entidade normalizadora.

Orzamento: 0€

4.1.10- CLUB DE DEBATE (PARA NÓS E PARA VÓS)

Obxectivos:

- Promover o uso oral do galego
- Favorecer o pensamento crítico
- Promover o traballo en equipo, a cooperación e a solidariedade
- Fomentar a diversidade de opinións

Descrición:

O Club de Debate é unha actividade que desenvolven conxuntamente un grupo de concellos a través do traballo coordinado dos seus Servizos de Normalización Lingüística (SNL). Ames é un deles e por iso temos a oportunidade de poder participar neste certame de debate para alumnado a partir de 3º ESO.

Con esta acción, no IES, ademais de fomentar o pensamento crítico e promover o traballo en equipo, queremos que obrigue ao alumnado a empregar o galego con xente da súa idade para falar de temas de actualidade e nun contexto culto. Aínda que a actividade consta de exposicións previamente preparadas, require que os participantes practiquen a oralidade en galego previamente porque é necesario ter certo dominio da lingua para poder refutar argumentos e mesmo poder pensar en galego.

Chamámoslle á actividade “Club de debate (para nós e para vós)” porque para nós é unha actividade que vai máis aló de levar á rapazada a participar no debate que se organiza de xeito externo, senón que ten unhas implicacións tamén a nivel de centro de cara á modificación de determinados usos lingüísticos.

O curso pasado non puido levarse a cabo esta actividade, mais este curso tentaremos comezala de novo. Para iso, necesitaremos algún profesor ou profesora que coordine a actividade e alumnado que se anime a participar.

Asúmense os custos desde a organización

Orzamento: 0€

4.1.11- ENREGUÉIFATE e Improvisación oral en verso no Milladoiro

Obxectivos:

- Promover o uso oral do galego
- Crear espazos en galego para a creatividade
- Ligar a lingua coa música e a poesía
- Mellorar a oralidade co alumnado e mellorar o léxico
- Potenciar a capacidade de improvisación e a creatividade
- Implementar o coñecemento da linguaxe musical e da expresión corporal
- Traballar a autoestima do alumnado
- Seguir camiñando cara a igualdade de xénero coa regueifa feminista
- Intercambiar experiencias con alumnado doutros centros e doutras comunidades.

Descrición:

Vaise desenvolver esta actividade durante todo o curso e con actividades diferentes pero enlazadas en cada trimestre.

No primeiro trimestre, difúndese o Proxecto Enreguéifate e vaise formar o alumnado no centro por parte de dúas persoas formadoras externas que paga o concello de Ames. Asignóusenos a formación en dúas sesións de 90 minutos coa posibilidade de ampliar a algún máis. Acordamos que os asistentes sexan alumnos e alumnas de 2º ESO aínda que excede o número de alumnado posible e teremos que buscar un criterio de selección de alumnado.

Vaise fomentar que practiquen a faceren regueifa ou tamén rap improvisado para que participen no certame da Regueifesta e mesmo no Ceiba rimas.

Coa regueifa, ao teren que improvisar en galego nun rexistro non formal, o alumnado desenvolve destrezas para a oralidade de forma diferente. Queremos que reflexionen tamén sobre este feito e que **graven un vídeo** coa súa experiencia a todos os niveis, pero incidindo no nivel lingüístico polo que se supón de avance a nivel comunicativo nunha lingua que non é a súa habitual. Para animar imos crear uns cartaces con códigos QR para achegalos a vídeos e documentarios sobre o tema.

Este ano, recibiremos o alumnado de Euskalerría co que xa temos colaborado outros anos para intercambiar regueifas e “bertsos”.

Ademais, este ano, o profesor do EDLG Manolo Maseda participará como formador no curso de regueifas para profesorado.

Orzamento: 550€

4.1.12.- Asistencia a obras de teatro, exposicións, cinema, concertos...

Obxectivos: Aproveitar toda a oferta cultural do concello e do concello veciño compostelán e canalizala cara ao alumando.

Descrición:

Durante todo o curso o EDLG recolle todas as ofertas culturais do concello de Ames e mesmo de Santiago. Así organizamos saídas para ir ver obras de teatro, concertos, exposicións... no Milladoiro, a onde podemos ir a pé, pero tamén a Bertamiráns e a Santiago. Unha vez que se nos envían as ofertas, analizamos cal sería o nivel máis acaído para asistir e revisamos o número de actividades que tamén poden ter nesas datas, tanto desde o noso equipo coma de calquera outro departamento.

Tamén avisamos á rapazada de actividades que son fóra do horario lectivo pero que poden ser do seu interese, por se se anotasen pola súa conta.

Orzamento: Non temos contía específica orzamentada porque cando hai que pagar o autobús depende do alumando asistente e corre el co gasto.

4.2.ACTIVIDADES NO 1º TRIMESTRE

4.2.1.- TIK-TOK: Certame de Galetiktokers

Obxectivos:

- Promover o uso do galego no Tik-Tok
- Formar alumnado, concienciar e animar a participar no concurso.

Descrición:

Desde o curso 20-21 o concello de Ames promove un certame de vídeos en galego no tik-tok para así conseguir un maior uso da nosa lingua entre a xente moza. Estes anos pasados difundíuse a actividade pero a participación foi practicamente nula, polo que desde o concello de Ames ofrecéronnos achegar formación sobre a actividade no centro desde o curso pasado.

O 17 de outubro foi a formación no centro este ano e foi impartida por Borxa, o creador da comunidade Orgullo Galego.

Repartiremos tamén a cartelería, e imos animar o alumnado a que participe, sobre todo con vídeos que falen do centro en positivo.

Orzamento: 20 euros (tanto a formación coma os premios corren a cargo do concello, mais nós imos dar dous premios no centro)

Colaboración: Concello de Ames

4.2.3.-CONCURSO YOUTUBEIR@S

Obxectivos:

- Promover o uso do galego oral
- Ligar o galego coas novas tecnoloxías
- Fomentar o galego nos espazos da mocidade

Descrición:

Difúndese no centro esta actividade que está organizada por varios concellos, entre o que se encontra o de Ames. Quérese visibilizar o uso do galego con vídeos de opinión e videotutoriais a

través dunha das redes sociais máis influíntes do momento, YouTube. Moito do noso alumnado é ou quere ser “Youtubeir@” polo que, a nosa misión está en motivalo para que faga vídeos en galego.

Motivamos o alumnado para que grave e edite vídeos sobre temas que lles gusten na nosa lingua, pero para iso teñen que ter unha motivación que os leve a deixar de facelos na lingua que lles é cómoda e na que están instalados, o castelán, para sacar vídeos en galego. Animaremos a participación cun premio no centro, sobre todo para os máis pequenos que non poden acceder ao concurso nacional.

Orzamento: 35€ euros para os premios do centro.

4.2.4.- CIENCIA EN GALEGO. Mes da ciencia en galego

Obxectivos

- Eliminar prexuízos arredor do galego en determinados ámbitos
- Demostrar que o galego é válido para todos os ámbitos, nomeadamente no mundo científico

Descrición: Estes obxectivos, que imos traballar ao longo de todo o curso teñen neste primeiro trimestre as seguintes accións:

- Imos colaborar co **Club de Ciencia** -coordinado polo compañeiro, profesor de Bioloxía, David Ponte (Bioloxía), e no que tamén participa Milagros Diéguez, tamén integrante do EDLG- para apoiar que todas as exposicións e actividades se realicen en lingua galega. Para iso imos deseñar unha campaña “Ti podes contalo en galego” “Eu podo falar de ciencia en galego”
- Desenvolveremos o mesmo ca os dous cursos pasados o **Concurso “Medio minuto de ciencia en galego”**. Búscase que a rapazada utilice o galego para contar “ cousas de ciencia” que poidan ser do seu interese. A actividade consiste na gravación de vídeos moi breves (medio minuto) nos que se fala de calquera temática científica ciencia en galego. O formato escollido para esta actividade foi de concurso. Imprímense cartaces para a promoción da

actividade onde se recollen as bases deste concurso (individual ou por parellas, premios en varias categorías...). Cóntase co ofrecemento e colaboración de profesoras de todos os departamentos de ciencia e do propio equipo de dinamización lingüística. Móntase un chroma para que a rapazada que o solicite poida ir gravar nos recreos os seus vídeos. Vanse dar agasallos educativos e mais vales para a cafetería.

Orzamento: Agasallos de 40 euros para cada unha das categorías (120€) mais 10 euros en vales.

Temporización: Decembro

4.2.5.- CONCURSO DE RELATOS DE TERROR “Chega o Samaín”

Obxectivos:

- Potenciar a creación literaria en lingua galega
- Animar o uso do galego en rexistros cultos
- Compartir actividades con outro centro de ensino

Descrición:

Co gallo do Samaín, imos tentar de novo promover que a rapazada que lle guste escribir faga os seus relatos de terror e fantasía no que se valora a capacidade das persoas participantes para crear unha atmosfera de medo, desasosego ou terror, así como a orixinalidade na trama, evitando tópicos argumentais e clichés narrativos. Obviamente os textos teñen que estar en galego e tense en conta a corrección lingüística. Valórase tamén a capacidade para manexar a lingua con vontade de estilo.

Este curso manteremos diferentes modalidades para favorecer a adxudicación de premios. Os traballos deberán entregarse na **CAIXA DO TERROR da Biblioteca**, que tamén colabora na actividade.

Como novidade este ano amplíase a modalidade ao rexistro oral, polo tanto poderán tamén enviarse **Contos de terror gravados**.

Os premios: 30€ en vales para libros e material escolar para o 1º premio de cada categoría e 15€ coas mesmas condición no caso que se decida dar un accésit.

Orzamento: 120€ + 60=180

4.2.6.- CONTACTOS COA LUSOFONIA

Obxectivos:

- Achegar ao alumnado castelanfalante ao galego a través da lusofonía
- Dar a coñecer un país lusófono de mans de persoas autóctonas e partillar así a diversidade cultural.
- Eliminar prexuizos cara ao galego e abri-lle as portas ao mundo global.

Descrición:

Imos contactar con algunha persoa dun país lusófono que viva por Santiago para que veña ao centro falar do seu país, das semellanzas e diferenzas culturais e sobre todo para que perciban as semellanzas lingüísticas. Neste sentido, o curso comezou cunha colaboración co festival Maré de Santiago de Compostela a onde acudiron un grupo de alumnado de Artes Escénicas para aprender como se fai un festival por dentro. Aproveitando a presenza de persoas dos países de fala portuguesa, tivemos tamén a visita no centro de Carlos Seixas, portugués, que conversou co alumnado de portugués e de Artes Escénicas sobre a importancia da cultura para mudar a configuración dunha cidade. Por outro lado, contamos tamén con unha charla musicada co compositor Fred Martins, brasileiro, que respondeu ás preguntas do alumnado de portugués e Artes Escénicas e mostrou un pouco da súa música. Estas actividades enmárcanse no proxecto educativo de centro que leva como título “Somos diferentes, somos referentes”.

Por outro lado, aproveitaremos a radio (Voces da lusofonía) para entrevistar, tanto á persoa que veña ao centro, como a calquera outra procedente dun país lusófono que viva no Milladoiro, pero tamén imos establecer contactos con persoas que vivan noutros puntos de Galicia e ás que non lles importe achegarnos a súa experiencia.

Custo: 80€ para compensar cun pequeno agasallo as axudas de custo.

4.2.8- NADAL EN GALEGO

Obxectivos:

- Reivindicar o noso Apalpador no Nadal, personaxe descoñecido para moito do alumnado e familias.
- Dar a coñecer a nosa cultura arredor do Nadal: panxoliñas, cantos de Reis, aguinaldo...

Descrición:

Retomarse a reivindicación da figura do Apalpador a través de cartelería, información na aula virtual (para que o profesorado levase ás aulas, na última semana de clase de decembro) e colaboración coa organización da festa de

Orzamento: 50€ para cartelería.

4.3.-ACTIVIDADES NO 2º TRIMESTRE

Ademais de desenvolver a parte correspondente dos proxectos anuais, imos traballar nas seguintes actividades que se van ir enlazando unhas con outras pois todas serven ao obxectivo de atraer de forma amable ao alumnado cara ao galego.

Como este trimestre está partido ao medio polo entroido e xa que non se coñece un entroido típico en Ames que poidamos reivindicar, imos incidir na retranca e no humor partindo da grande figura de Castelao, grande descoñecido aínda do noso alumnado, e ir aproveitando para introducir elementos fundamentais para axudar a unha convivencia positiva no IES. De retranca tamén imos tirar nalgunhas das actividades de Rosalía e, por suposto, no Enreguéifate.

4.3.1. MANTEMOS O “MODO GALEGO” ACTIVADO

Obxectivos:

- Continuar a inercia normalizadora que se comezou nos cursos pasados co proxecto “Modo galego, actívaoo” coa rapazada de 1º e 2º da ESO.
- Promover o uso do galego durante un tempo para tentar que unha parte da rapazada continúe usándoo despois da campaña.
- Crear conciencia sobre a capacidade de mudar os nosos comportamentos lingüísticos e os da nosa contorna.

Descrición:

Esta é unha campaña deseñada entre o concello e a RAG que comezou nos centros de primaria e que este ano se vai implantar en secundaria coas correspondentes adaptacións da mudanza de ciclo. A campaña farase no mes de xaneiro e terá unha duración de 3 semanas durante as cales se animará á rapazada de 1º e 2º da ESO a asumir un compromiso como grupo para aumentar o seu uso do galego. Durante esas semanas, a RAG e o concello promoverán retos que o alumnado deberá seguir e, no final da campaña, promoveranse premios para o alumnado que teña conseguido cumprir cos compromisos.

Orzamento: 50 euros para premios

4.3.2.- CASTELAO E A SEMANA DA RETRANCA NO MILLADOIRO

Obxectivos:

- Dar a coñecer a figura de Castelao
- Crear un eixe para enlazar varias actividades neste 2º trimestre.
- Mover algunha conciencia con relación á lingua

Descrición:

Conmemórase o nacemento de Castelao o luns 29 de xaneiro, día no que imos abrir a Semana da retranca que dará paso aos preparativos do entroido.

Vaise continuar coa divulgación da figura do **Castelao humorista** para achegar a rapazada a el, para iso vanse difundir viñetas do autor e pedir que o alumnado, durante a semana do entroido, vote pola que máis lle guste. Organizaremos tamén, en colaboración co departamento de EPV, un concurso de deseño de viñetas de humor con intención crítica.

En colaboración coa biblioteca tamén organizamos un **Concurso de Coplas de Entroido** que logo se poden cantar durante o desenvolvemento dunha posible festa de Entroido. Búscase que as composicións

transmitan unha perspectiva crítica da sociedade actual: do sexismo, do belicismo, do uso das tecnoloxías... Non se aceptará o escarnio dirixido a unha persoa ou colectivo determinados. En todo caso, a intención non terá que ser moralizante, senón carnavalesca. As cantigas presentaranse recitadas ou interpretadas nunha gravación de audio ou de vídeo.

Orzamento: 60€

4.3.3. O NOSO ENTROIDO

Obxectivos:

- Dar a coñecer o noso entroido tradicional, grande descoñecido da comunidade educativa, sobre todo dunha parte moi importante da rapazada.

Descrición:

Vamos colaborar coa organización da festa do Entroido que se organice no centro, centrándonos nas tradicións galegas. Para iso, divulgaremos algunhas das tradicións a través de cartelería e propoñeremos temas posibles para os disfraces de Entroido e das coplas.

4.3.4. CIENCIA EN GALEGO: DÍA DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA

Obxectivos:

- Contribuír á igualdade de xénero
- Visibilizar mulleres científicas, tamén galegas
- Expoñer un tema relacionado coa ciencia en galego

Descrición:

Aínda temos sen acabar de pechar esta acción porque queremos reunirnos co Club de ciencia para ver o traballo que desenvolveremos para daquela. En principio, imos convidar a calquera divulgadora científica en galego que poida conectar co noso alumnado para demostrar que se pode ser muller, científica e desenvolver o traballo en galego.

Vaise facer, coma outros anos, cartelería lembrando a efeméride en colaboración co Club de ciencia, co que tamén se vai deseñar un kahoot sobre mulleres científicas.

Orzamento: 175€

4.3.5. ROSALÍA NO MILLADOIRO E MÁIS ALÁ

Obxectivos:

- Salientar a figura de Rosalía de Castro como unha das máis importantes do panorama literario galego e ligala con Ames e co Milladoiro.
- Difundir a figura e obra da poeta, así como o seu labor normalizador.
- Potenciar a creatividade entre a comunidade educativa.

Descrición da actividade:

O Día de Rosalía este curso tamén vai estar ligado á música, aproveitando que haberá un espazo na entrada do centro para proxectar informacións, propoñeremos usar ese espazo para ter todo o día proxectados vídeos e audios de cancións de poemas de Rosalía musicados en diferentes estilos e épocas.

Ademais, faremos unha impresión de poemas da autora para deixar nas aulas durante a semana do 20 ao 24 de xaneiro, e volveremos no propio **día 23** organizar lecturas de poemas por parte de toda a comunidade educativa e mais o xa tradicional **Concurso de Recitado** organizado no espazo exterior á biblioteca. Estaremos atentas tamén ás actividades organizadas pola Fundación Rosalía de Castro para participar nas posibles actividades de interese para o centro.

Tamén trataremos de organizar unha charla sobre a figura de Rosalía para seguir achegando a autora á rapazada.

Orzamento: 80€ (para os premios de recitado) e 120 para a charla. O resto das accións están orzamentadas nos proxectos relacionados)

4.3.6.- MATEMÁTICAS EN GALEGO

Obxectivos:

- Aproveitar a efeméride do “Día de pi” (14 de marzo) para reivindicar o ensino das matemáticas en galego durante todo o mes
- Ligar o galego coas novas tecnoloxías e coas materias científicas

Descrición:

Este curso imos organizar, durante o mes de marzo, unha campaña para demostrar que se poden explicar e aprender as matemáticas en galego.

Tamén imos animar ao alumnado a facer vídeos breves (estilo tik-tok) ou algo máis longos, de ata 2 minutos e medio sobre cuestións matemáticas do seu interese. Estes últimos poderanse presentar ao concurso que organiza a facultade de matemáticas: “Explícoche matemáticas en galego”.

No centro imos premiar os mellores traballos con dous premios de 30€ en material escolar.

Orzamento: 60€ para premios.

4.3.7.-AO SON DA PAISAXE

Obxectivos

Seguir coa sensibilización de cara á natureza que comezamos nos cursos anteriores con proxectos anuais e que, neste curso, imos reducir a dous trimestres.

Descrición

Un grupo de alumnado vai traballar na creación dunha charca e dun borboletario a través do Proxecto Competencia.

Orzamento: 20 € para darlle a merenda ao alumnado do IES que vén ao centro

4.3.8- PARTICIPACIÓN NA FEIRA INNOVAMES

Obxectivos:

- Participar nas actividades organizadas desde o Concello de Ames
- Presentar os proxectos de innovación que realizamos no centro

Descrición:

O ano pasado o noso alumnado participou no Innovames presentando os proxectos da radio e do Club de ciencias. Este curso, tentaremos participar de novo con algún dos programas da radio.

Orzamento: 0€

4.4.-ACTIVIDADES NO 3º TRIMESTRE

Dado que as actividades hai que paralas a mediados de maio, no 3º trimestre prográmanse menos actividades, xa que hai moitas anuais que hai que rematar e ademais imos ter que pechar varias que comezan no 2º trimestre.

4.4.1.- A LINGUA GALEGA NA LUSOFONÍA

Obxectivos:

- Afondar na visión da lingua galega como vehículo de comunicación dentro dun sistema lingüístico amplo, como variedade diatópica dentro da lusofonía, mostrando que a lingua galega ten utilidade e que pode abrir portas profesionais, laborais, amizades, etc.
- Contribuír a vencer o prexuízo de que os galegos e galegas posuímos unha lingua moi minoritaria, que só serve para o nivel familiar.
- Eliminar prexuízos cara ao galego como lingua inútil.
- Ligar o galego coa lusofonía.

Descrición:

En coordinación co departamento de Lingua Galega e a través do profesorado de Portugués, colaboraremos na organización de actividades que promovan o contacto entre o noso alumnado e os falantes de lingua portuguesa doutros países. Tamén promoveremos as saídas didácticas a cidades veciñas de Portugal para que haxa un contacto máis directo do noso alumnado coa lingua portuguesa e organizaremos encontros con figuras importantes da Lusofonía, de forma presencial ou a través de videoconferencias.

Orzamento: 0€ (as saídas serán sufragadas polo alumnado participante)

4.4.3.- ECOLINGÜISMO DESDE O “PROXECTO RÍOS”

Obxetivos:

- Continuar na liña de ligar a ecoloxía e a lingua
- Concienciar sobre o perigo que corren os nosos ríos e a nosa lingua

Descrición:

Esta actividade comezou o curso 22-23 con grande éxito e imos continuala este curso. O Proxecto Ríos é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos que se desenvolve desde a asociación ecoloxista ADEGA. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado dos ríos, neste caso do concello de Ames.

Enlazamos co proxecto de achegar ao noso alumnado á natureza e valorar o coidado e estima da nosa paisaxe. A actividade consiste en dúas inspeccións anuais dun río da contorna e a análise das características biolóxicas, fisico-químicas, hidromorfolóxicas e patrimoniais dun ecosistema fluvial.

Desenvolveríase en colaboración co departamento de bioloxía e coa colaboración de ADEGA que é a organización que desenvolve este proxecto, co obxectivo final de facerse responsábeis da vixilancia (adopción) dos ríos e regatos que pasan polo concello.

Elaboraremos cartaces para unha exposición e logo faremos un roteiro.

Orzamento: 0€ (o material necesario achégao o Proxecto Ríos)

4.4.4.- TEATRO LIDO E OUTRAS LECTURAS

Obxectivos:

- Favorecer as competencias activas da lingua, especialmente a oralidade.
- Enlazar coa actividade do Programa de radio
- Realizar actividades conxuntas con outros EDLG doutros centros.

Descrición:



Imos retomar os ensaios de lectura e dramatización de Contos infantís para, se a situación o permite, achegarnos ao CEIP de Ventín para de forma presencial a rapazada miúda escoite os contos que o noso alumnado ten para contar. Ao alumnado de primaria vanlle ofrecer unha pequena representación das pezas de teatro lido que están adaptando para a radio, ao tempo que lle presentan o propio proxecto da radio.

Precisaremos os libros e agasallos para a rapazada

Orzamento: 100€

4.4.5.- LETRAS GALEGAS: AS CANTAREIRAS E A POESÍA POPULAR ORAL

Obxectivos:

- Fomentar o interese pola nosa cultura.
- Coñecer e valorar a nosa rica tradición oral de canto e recitado.
- Eliminar estigmas sobre a poesía en xeral, a poesía galega en particular e mais concretamente sobre o papel das mulleres na literatura.

Descrición:

En colaboración coa biblioteca e co departamento de lingua galega, imos achegar a tradición oral e a figura das cantareiras homenaxeadas (as pandeireteiras de Mens) ao alumnado e profesorado a través de accións variadas nas que se impliquen activamente. Faremos cartelaría na que se implique o profesorado e alumnado de TIC. Tamén difundiremos toda a información que nos chegue desde a SXPL, desde a RAG e outros organismos que se centren no estudo desta tradición oral.

Estaremos pendentes de se hai algunha actuación (performance, representación teatral...) que axude a mostrar unha panorámica xeral das pandeireteiras e da tradición da poesía oral das Letras ao alumnado, de xeito ameno, imos tentar organizala no centro.

Segundo vaiamos de tempo programaremos, en colaboración coa biblioteca, exposicións sobre a súa obra, cartaces con códigos QR que leven a lecturas, vídeos....

Orzamento: 250€

4.4.6.- CORRELINGUA

Obxectivos:



- Dinamizar a lingua galega
- Participar xunto con moitos outros centros de ensino de actividades dinamizadoras.

Descrición:

A organización do Correlingua organiza diferentes actos, pero tentaremos este ano participar, cando menos, da “Festa Correlingua” que se celebre en Santiago e mais do Regueifando e Cantalingua. Faremos pancartas reivindicativas para implicalos no proceso do que supón ir a unha carreira na que se reivindica a lingua.

Orzamento: De momento o que poderíamos orzamentar serían os buses para ir a Santiago: 350 euros para dous autobuses.

5- AVALIACIÓN DO ALCANCE DA PROGRAMACIÓN

Dadas as actividades propostas consideramos pertinente realizar diferentes niveis de avaliación:

–Entre o alumnado, que é o grande destinatario da maioría das accións que están deseñadas na programación. Ademais de enquisas concretas, xa descritas no propio proxecto, que se pasarán ao final dalgunha das actividades, teremos opinións que nos vaian dicindo sobre actividades concretas e tamén o que lles transmitan ás persoas titoras e mais ao profesorado. Mais o principal avaliador vai ser o propio alumnado do EDLG que recibe de primeira man a opinión dos compañeiros e compañeiras, e tamén farán unha avaliación desde dentro para sopesaren a relación entre o esforzo investido e os resultados máis ou menos aparentes.

–Dado que necesitamos contar permanentemente co profesorado será moi importante coñecer a opinión deste con respecto ás actividades que levamos a cabo. Este ano, ao comezar coa aula virtual, pasarémoslle ao profesorado unha enquisa a través desta plataforma para que avalíe o EDLG e as actividades, con apartados para suxestións de mellora.

–É lóxico pensar que non vai ser necesario chegar a final de curso para saber se as actividades puntuais están a ter éxito entre a comunidade educativa. Sempre imos procurar ese *feedback* en cada cousa que organicemos.

–Tamén imos estar pendentes de avaliar a nosa actividade nas redes sociais, onde comezamos a ocupar un espazo. Non imos valorar tanto o número de persoas seguidoras, como a repercusión das publicacións na comunidade educativa.

–A través do contacto directo coa ANPA e coas familias que están no consello escolar tamén imos buscar a valoración que faga este sector da comunidade educativa.

–As reunións, tanto físicas como telemáticas, coa persoa técnica do SNL do concello tamén nos dá para avaliar as actividades que facemos conxuntamente, mais non só, pois tamén nos dan a visión daquelas que realizamos dentro e que lles amosamos.

–Tamén nos dá medida do interese que poden ter os nosos proxectos na comunidade e no concello a publicación das novas en Ames Radio.

6- INTEGRANTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

PROFESORADO

- Patricia Calviño Facal (LGL)
- Milagros Diéguez Taboada (Matemáticas) (Substituto: Mateo Blanco)
- Manuel Maseda Deán (Música)
- Carla Mara Nepomuceno Ferreira (Portugués)
- Noelia Outón Campos (LGL)
- María Dolores Padín (Matemáticas)
- Lorena Rey Noya (LGL)

Nos diferentes proxectos anuais hai profesorado colaborador das diferentes materias. Destacamos a colaboración do profesorado do departamento de Lingua Galega e Literatura que non forma parte activa do EDLG, así como algún membro dos departamentos de Xeografía e Historia e Lingua Castelá e dos coordinadores/as de Igualdade e o Club de Ciencia.

PERSOAL NON DOCENTE

- Jesús Dono Quintela

REPRESENTANTES DO ALUMNADO

1º ESO B

Alina Vesjolijs Mato

1º ESO D

Enma Pérez Rodríguez

Aida Agulla Sende

Carolina Arias Vázquez

2º ESO A

Mariña Dopico

Ainhoa Díaz

Dilayla Ramos

2º ESO B

Silvia Celada López

Aroa Cacheiro

Noela Gómez

Marina Zapardiel

Aldara Calvo

Alba Castelo

2º ESO C

Lara Fernández

Zoe Fernández

Uxía Rodríguez

Thais Vilar

2º ESO D

Ada Asorey

Clara Barreiro

Carlota Quiñoy

3º ESO A

Paula Ramos

3º ESO B

Víctor García Nine



Ángela Tronceda

Claudia Santalla

Gael Rodríguez López

3º ESO C

Yago Bouzas Durán

Carlota Ageitos Domínguez

Héctor Pin González

Mario Campos

Miguel Franco

4º ESO A

Nerea Abelenda Paz

4º ESO B

Manuel Verde

4º ESO C

Alicia Abelenda Pazos

Zoe Alonso Castro

1º BAC A

Sara Martínez

Paula Lourido

2º Bach A

Matias Lema

Mauro Araújo

Marcos Bragado

Yago Varela

Daniel Zapardiel

2º Bach B

Diego Madarmás Iglesias

Óscar Pin González

Mario Campos Alonso

O Milladoiro, 21 de outubro de 2024

Visto e prace

Raquel Miragaya Rodríguez
Coordinadora do EDLG

Manuel Maseda Deán
Director do IES do Milladoiro